

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego.

A Axencia Galega das Industrias Culturais -Agadic-, no exercicio das súas competencias de fomento e promoción nos diversos ámbitos da creación cultural en Galicia, é consciente da importancia decisiva do sector audiovisual para contribuír ao desenvolvemento da cultura e facilitar o acceso á diversidade cultural das producións audiovisuais da Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, define o sector audiovisual como estratéxico para o desenvolvemento cultural da comunidade, e sinala a necesidade de que se establezan instrumentos de axuda para facilitar o desenvolvemento do audiovisual e o fomento do seu talento creativo, técnico e artístico. Mediante esta resolución, a Axencia Galega das Industrias Culturais establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego, co fin de fomentar a difusión da lingua e a cultura galega no ámbito audiovisual e de contribuír ao cumprimento das tarefas que a Lei do audiovisual lle atribúe ao sector.

A Comisión Europea, mediante Decisión C (2009) 4558 (Axuda de Estado nº N 307/2009-España), autorizou o réxime temporal de axuda para conceder cantidades limitadas de axuda compatible, que se acollerán ao marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, publicado no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009 (en diante o marco temporal comunitario).

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e partida orzamentaria.*

Mediante esta resolución establécense as bases reguladoras das subvencións para a explotación de producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega en réxime de concorrencia non competitiva. Para tal fin, destínanse 800.000 euros correspondentes á anualidade de 2010, que se financiarán con cargo á aplicación 11.A1.432B.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A dotación máxima poderá ser ampliada en función das disponibilidades orzamentarias. No poderán outorgarse subvencións por contía superior á establecida sen que se realice unha nova convocatoria, salvo que se produza unha ampliación de créditos

derivada dos supostos autorizados no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario non se admitirán posteriores solicitudes. A Agadic publicará no *Diario Oficial de Galicia* o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes.

Estas axudas quedarán suxeitas ao réxime N 307/2009, aprobado pola Comisión o 8 de xuño de 2009, de conformidade co establecido no Marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, adoptado pola Comunicación da Comisión do 17 de decembro de 2008, que ten como obxectivo conceder unha axuda temporal ás empresas afectadas por unha escaseza ou unha indisponibilidade crediticia repentina a consecuencia da crise financeira e económica global.

Artigo 2º.-*Tipos de proxectos.*

Poderán ser obxecto desta liña de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais os seguintes tipos de proxectos:

a) Longametraxes cinematográficas. Enténdese por longametraxe unha produción cinematográfica de duración superior a sesenta minutos, e recóllense as seguintes modalidades:

-Longametraxes cinematográficas (ficción ou documental).

-Longametraxes de animación.

b) Telefilmes. Longametraxes para TV cunha duración superior aos 80 minutos.

Para poder ser obxecto de subvención dentro desta convocatoria, os proxectos de longametraxe cinematográfica ou telefilme deberán cumprir, cando menos, dúas das seguintes condicións ou criterios culturais:

a) Que a produción se desenvolva principalmente en Galicia ou noutros lugares da Unión Europea.

b) Que cando menos un dos personaxes principais estea vinculado coa cultura galega ou europea ou co ámbito territorial lingüístico galego.

c) Que o guión da produción estea baseado nunha adaptación dunha obra literaria, escrita orixinarialmente en lingua galega.

d) Que a produción teña como temática a cultura ou o patrimonio galego ou europeo.

e) Que a produción teña como temática feitos da historia de Galicia ou Europa.

f) Que a produción trate temas actuais, culturais, políticos ou sociais, de interese galego ou europeo.

Esta liña de subvencións aplicarase a proxectos audiovisuais realizados que fosen obxecto de estrea comercial ou venda en televisións en aberto, ou pechado de ámbito igual ou superior ao autonómico, por importe non inferior a 80.000 euros, desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 30 de outubro de 2010 e

que non recibisen axudas anticipadas da Consellería de Cultura e Turismo ou da Agadac polo mesmo concepto.

Artigo 3º.-*Requisitos.*

Para poder optar ás subvencións haberá que cumprir cos seguintes requisitos:

3.1. No caso de longametraxes cinematográficas. O solicitante deberá estrear comercialmente a longametraxe en Galicia, obtida a acreditación de custos, o certificado de nacionalidade, a cualificación por idades e entregadas as copias á Axencia Galega das Industrias Culturais segundo os requisitos enumerados no artigo 8.3º.

3.2. No caso dos telefilmes. Os solicitantes deberán ter realizado o telefilme coa colaboración dunha televisión en aberto ou pechado de ámbito autonómico ou estatal, con importe non inferior a 80.000 euros, presentar unha auditoría de custos do orzamento total, reflectindo a porcentaxe de participación do solicitante e entregadas as copias á Consellería de Cultura e Turismo segundo os requisitos enumerados no artigo 8.3º.

3.3. No caso de coproducións, só poderán participar nesta convocatoria aqueles solicitantes que teñan unha participación igual ou superior ao 30% sobre o orzamento do proxecto audiovisual. Esta porcentaxe baixará ao 20% se o orzamento é superior a 3 millóns de euros.

3.4. Non poderán ser obxecto destas subvencións aquelas longametraxes ou telefilmes que anteriormente tivesen axudas anticipadas para producións ou coproducións audiovisuais da Xunta de Galicia. Así mesmo, tampouco poderán acceder a estas axudas proxectos participados por empresas ou sociedades de investimento con participación pública no seu financiamento nunha porcentaxe superior ao 35%.

3.5. A axuda que se vai conceder asume a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía, sempre que exista crédito e quedará suxeita ás seguintes limitacións, de acordo co marco temporal comunitario:

a) As axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime *de minimis*, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010. As axudas outorgadas ao abeiro do marco temporal comunitario non poden acumularse con axudas *de minimis* correspondentes aos mesmos custos subvencionables.

b) O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo elixible da actividade que terá que desenvolver o beneficiario.

c) As axudas que se concedan poden acumularse con outras axudas compatibles sempre que se respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nas directrices ou nos regulamentos de exención por categorías aplicables.

3.6. En todos os casos haberá que incorporar á rodaxe ou á posproducción alumnos de centros galegos de ensino audiovisual tanto de formación profesional como universitarios ou persoas que obtivesen a titulación nun prazo non superior a dous anos contados desde a data de incorporación ao proxecto, mediante prácticas non laborais ou contrato laboral. Este requisito non será de obrigado cumprimento no caso de que a produción finalizase con anterioridade á data de publicación desta convocatoria.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, domiciliadas polo menos por un ano, previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que formen parte do acordo que establece a Área Económica Europea, e que teñan, no momento do pagamento da axuda, sede efectiva da súa actividade, sucursal ou oficina permanente na Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, a definición de produtor audiovisual independente será a recollida no artigo 4 n) da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

Non poderán ser destinatarios das subvencións previstas nesta convocatoria as empresas produtoras que só teñan unha participación financeira no proxecto de longametraxe ou telefilme.

Artigo 5º.-*Motivos de exclusión.*

Non poderán acceder ás subvencións os solicitantes que se encontren afectados por algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 6º.-*Contía das subvencións.*

6.1. En longametraxes cinematográficas.

A axuda consiste nunha porcentaxe sobre a participación do produtor solicitante no recoñecemento oficial de custos. No caso de coproducións, terase en conta o custo imputable ao produtor solicitante en función da súa porcentaxe de participación no orzamento da produción. A porcentaxe de puntuación calcúlase dividindo o número de puntos coa máxima puntuación posible, segundo os seguintes topos subvencionables:

-Axuda a longametraxe de animación. Máximo do 25% da participación do produtor solicitante, que será do 35% se a versión orixinal é en lingua galega, cun límite de 300.000 euros. Este límite será de 400.000 euros cando o orzamento da produción supere os 3.600.000 euros.

-Axuda a longametraxe cinematográfica. Máximo do 25% da participación do produtor solicitante, que será do 35% se a versión orixinal é en lingua galega, cun límite de 300.000 euros. Este límite será de

400.000 euros cando o orzamento da produción supere os 3.600.000 euros.

-Axuda a longametraxe documental (con explotación comercial). Máximo o 40% da participación do produtor solicitante, cun límite de 150.000 euros.

A axuda que se conceda adoptará a forma de subvención a fondo perdido e o importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o 50% do investimento subvencionable.

A subvención que se lle aplica a cada proxecto estará en función da difusión cultural realizada pola produción audiovisual. O cálculo realizarase mediante o produto do coeficiente de difusión cultural e o importe da porcentaxe máxima subvencionable da achega financeira do solicitante. Para estes efectos, o coeficiente de difusión cultural obterase da suma dos seguintes baremos multiplicada por 1,2:

a) Nivel de difusión en cinemas de Galicia (segundo datos oficiais do Ministerio de Cultura):

5.000-10.000 euros de recadación: 0,10.

10.000-15.000 euros de recadación: 0,14.

15.000-20.000 euros de recadación: 0,18.

20.000-30.000 euros de recadación: 0,22.

30.000-40.000 euros de recadación: 0,26.

Máis de 40.000 euros de recadación: 0,30.

b) Difusión en televisión (contabilizaranse os contratos en firme con canles televisivas):

Emisión en canle aberta de ámbito autonómico galego: 0,07.

Emisión noutras canles de ámbito autonómico: 0,04.

Emisión en canle aberta de ámbito estatal: 0,07.

Emisión noutras canles abertas de ámbito estatal ou internacional: 0,07.

c) Difusión por outros medios (contabilizaranse os contratos formalizados en firme con distribuidores de vídeo/DVD, axentes de vendas, empresas de licensing ou outros distribuidores de contidos como operadoras de telefonía móbil ou portais da internet, así como todos aqueles contratos derivados da cesión de venda dos dereitos de reprodución da longametraxe, sempre que incorporen a opción de versión galega e subtítulos en galego):

Venda dereitos DVD: 0,05.

Vendas internacionais: 0,05.

Novos medios (internet, operadores de telefonía móbil): 0,05.

Licensing: 0,04.

d) Difusión na sección oficial en festivais galegos, estatais e internacionais:

Estratéxicos A: 0,10.

Tipo B: 0,07.

Tipo C: 0,05.

Tipo D: 0,03.

e) Versión orixinal galega. Terá a consideración de versión orixinal galega aquela produción audiovisual que no conxunto de diálogos ou narración teña unha presenza mínima do 51%. No caso de animación, considerarase como versión orixinal galega se a estrea comercial do filme se realiza en cinco cidades de Galicia con cinco copias en galego.

Versión orixinal galega: 0,25.

6.2. En telefilmes.

A axuda que se conceda adoptará a forma de subvención a fondo perdido e o importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o 50% do investimento subvencionable. En calquera caso, a subvención non poderá superar a cantidade de 150.000 euros.

A contía establecerase en función dos seguintes criterios:

a) Subvención para a produción. A subvención será do 20% sobre a achega financeira do solicitante cun máximo de 100.000 euros. Dentro do custo do proxecto non se incluírá o beneficio industrial da empresa produtora.

b) Primas para o fomento do talento creativo, técnico e artístico.

-Unha prima de 20.000 euros por rodaxe da versión orixinal en lingua galega.

-Unha prima de 10.000 euros, no caso de director novel.

-Unha prima de 10.000 euros cando a participación das mulleres alcance unha porcentaxe superior ao 35% do equipo creativo do telefilme. Esta prima será de 20.000 euros cando esta porcentaxe sexa superior ao 50%.

-Unha prima de 10.000 euros cando a directora do telefilme sexa muller.

Artigo 7º.-Presentación previa de solicitudes, prazo e documentación.

7.1.1. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Axencia Galega das Industrias Culturais, no rexistro xeral de Servizos Centrais da Xunta de Galicia ou por calquera dos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.1.2. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 15 de setembro de 2010.

7.2. No caso de longametraxes ou telefilmes realizados en coprodución, cada empresa coprodutora que opte á subvención deberá presentar unha solicitude de subvención. Os impresos de solicitude pode-

rán presentarse conxuntamente achegando o expediente que requiren estas bases.

7.3. Documentación previa sobre o proxecto (longametraxes e telefilmes).

- a) Breve memoria descritiva do proxecto.
- b) Contratos co director e guionista.
- c) Declaración de lingua de rodaxe da versión orixinal.
- d) Memoria en que se informe sobre o resto das características xerais do proxecto en relación cos baremos do artigo 6º.
- e) Precontratos ou contratos con entidades de radiodifusión, socios coprodutores ou vendas en mercados nacionais e internacionais.

7.4. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización á Axencia Galega das Industrias Culturais para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.5. A Axencia Galega das Industrias Culturais emitirá unha certificación previa -para efectos da súa posible presentación ante entidades financeiras- de coñecemento e visto e prace a aqueles proxectos que declaren que pretenden acollerse ás axudas automáticas á explotación e cumpran cos requisitos da convocatoria. Esta certificación non suporá ningún compromiso por parte da Axencia Galega das Industrias Culturais, xa que a subvención á explotación quedará condicionada ao cumprimento posterior dos requisitos desta convocatoria.

7.6. A empresa beneficiaria deberá presentar, xunto coa solicitude:

7.6.1. Documentación administrativa (para longametraxes cinematográficas e telefilmes).

- a) Copia compulsada ou cotexada do DNI e do NIF do representante ou solicitante, no caso de que o solicitante non opte por autorizar a Agadic o acceso aos seus datos persoais.
- b) Copia compulsada ou cotexada do documento público do poder notarial, co que actúa o representante, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.
- c) Copia compulsada ou cotexada do documento público da constitución legal da empresa e inscrición no rexistro mercantil na comunidade galega.
- d) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta de identificación fiscal.
- e) Memoria da empresa, conforme o modelo recollido no anexo.
- f) Copia compulsada ou cotexada da declaración do imposto de sociedades e da declaración de operacións con terceiras persoas correspondentes aos exercicios 2008 e 2009. No caso da declaración de operacións con terceiras persoas do exercicio 2009,

a presentación deberase realizar nos 15 días seguintes ao da finalización do prazo de presentación ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

g) Copia compulsada ou cotexada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención do pagamento do citado imposto.

h) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas, de ámbito estatal ou transnacional.

i) Declaración responsable sobre as axudas recibidas ao abeiro do marco temporal comunitario desde o 1 de xaneiro de 2008, así como doutras axudas de Estado obtidas para os mesmos custos subvencionables, e axudas *de minimis* concedidas por calquera proxecto ao solicitante desde o 1 de xaneiro de 2008, con indicación do importe, organismo, data de concesión, réxime de axudas en que se ampara e obxectivo da axuda e custos subvencionados; ou, de ser o caso, declaración de non ter recibido ningunha. Así mesmo, declararase a intensidade máxima autorizada pola Unión Europea para cada axuda de Estado concedida para os mesmos custos subvencionables, e indicarse a porcentaxe que representa cada axuda percibida respecto dos custos subvencionables.

i) Declaración responsable de ser empresa de produción independente, ter sede permanente en Galicia e non ser obxecto de influencia dominante por parte de entidades de radiodifusión televisiva por razóns de propiedade, participación financeira ou as normas que regulan a súa actividade, conforme o establecido no artigo 4º desta resolución.

7.6.2. Documentación sobre o proxecto (para longametraxes cinematográficas e telefilmes).

- a) Memoria descritiva do proxecto.
- b) Contratos co director e guionista.
- c) Declaración de lingua de rodaxe da versión orixinal.

d) Convenios de prácticas en empresa e/ou contratos en prácticas con tres alumnos ou ex alumnos de centros de formación galegos, no caso de longametraxes e telefilmes, e un alumno, no caso de documentais.

7.6.3. Memoria económico-financeira (para longametraxes).

- a) Memoria descritiva que informe sobre as características xerais do proxecto en relación co baremo do artigo 6.1º.
- b) Contratos ou precontratos con entidades de radiodifusión, socios coprodutores ou vendas en mercados nacionais e internacionais ou outras fontes de financiamento.
- c) Acreditación do custo total da longametraxe e do seu pagamento, e tamén da procedencia dos fondos do seu financiamento, excluído o importe da subvención da Axencia Galega das Industrias Cultu-

rais, mediante conta xustificativa que incorpore o informe dun auditor de contas, así como unha memoria económica desagregada que conterà un estado representativo dos gastos en que se incorreu para realizar o proxecto. A auditoría certificará, así mesmo, o grao de gasto correspondente a traballos efectuados por persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con establecemento permanente en Galicia.

d) As empresas beneficiarias entregaranlle á Axencia Galega das Industrias Culturais, para os efectos de comprobación material da actividade, dúas copias en 35 mm da versión galega, así como unha copia en DVD, ademais da documentación utilizada para a realización, promoción e difusión da obra: guión, carteis, músicas, portadas ou outros materiais. En todos os casos, estes materiais corresponderán á versión íntegra, orixinal e estreada da longametraxe.

e) Presentación do certificado de nacionalidade e certificado de cualificación por idades.

f) Presentación do recoñecemento oficial de custos e o investimento do produtor.

g) Acreditación de que a longametraxe foi exhibida en Galicia en cinco cidades galegas con cinco copias como mínimo en versión galega.

h) As empresas produtoras que opten ás axudas previstas nestas bases e non iniciasen a rodaxe no momento de publicación da convocatoria ou en proceso de posproducción deberán facer constar en cartón único nos títulos de crédito iniciais a expresión coa subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais, segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

i) Autorización expresa á Axencia Galega das Industrias Culturais para que utilice a produción subvencionada nas súas actividades de promoción e difusión cultural.

7.6.4. Memoria económico-financeira (para telefilmes).

a) Memoria descritiva que informe sobre as características xerais do proxecto en relación co baremo do artigo 6.2º.

b) Acreditación do custo final mediante unha auditoría, realizada por auditores inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas e efectuada conforme as normas de procedemento previstas na lexislación vixente en materia de auditorías. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos en que se incorreu. Esta auditoría deberá certificar, ademais, o grao de gasto correspondente a traballos efectuados por persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con sede permanente en Galicia.

c) Acreditación do contrato de coprodución ou de dereitos do telefilme cunha emisora de televisión de ámbito autonómico ou estatal, de importe non inferior a 80.000 euros.

d) As empresas beneficiarias entregaranlle á Axencia Galega das Industrias Culturais, para o efectos de comprobación material da actividade, dúas copias en formato dixital da versión en galego, así como unha copia en DVD, ademais da documentación utilizada para a realización, promoción e difusión da obra: guión, carteis, músicas, portadas ou outros materiais. En todos os casos, estes materiais corresponderán á versión íntegra, orixinal e estreada do telefilme.

e) As empresas produtoras que opten ás axudas previstas nestas bases e non iniciasen a rodaxe no momento de publicación da convocatoria ou en proceso de posproducción deberán facer constar en cartón único nos títulos de crédito iniciais a expresión coa subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais, segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberá constar en todos os elementos informativos e publicitarios da produción audiovisual.

f) Autorización expresa á Axencia Galega das Industrias Culturais para que utilice a produción subvencionada nas súas actividades de promoción e difusión cultural.

Artigo 8º.-Procedemento de concesión, tramitación e resolución das subvencións.

8.1. O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia non competitiva. O órgano instrutor será a dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, quen lle formulará proposta de resolución á Presidencia do Consello de Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais.

8.2. A concesión ou denegación das solicitudes de subvención farase por resolución da Presidencia do Consello de Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. O prazo de resolución será de tres meses, contados desde a presentación da solicitude da axuda. Na notificación deberá constar que a resolución esgota a vía administrativa e que se poderá interpoñer recurso de reposición no termo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación. De non ditarse resolución en prazo, a solicitude enténdese denegada.

Artigo 9º.-Gastos subvencionables.

Considérase investimento subvencionable imputable ao proxecto o denominado custo de realización ou custo de negativo, de conformidade coa auditoría citada no artigo 7º, que estará integrado pola suma dos gastos necesarios para a produción, ata a obtención da primeira copia estándar, excluídos impostos.

Artigo 10º.-Prazo de xustificación das subvencións.

10.1. O prazo de xustificación das subvencións concedidas será dun mes, desde a notificación da subvención concedida e, en todo caso, rematará o 15 de novembro de 2010, naqueles aspectos subvencionables que non queden debidamente acreditados coa documentación presentada coa solicitude.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

10.2. O aboamento da subvención tramítase a partir da concesión, se os custos subvencionables quedasen acreditados suficientemente coa documentación inicial, e a partir da súa debida xustificación, no caso de que sexa precisa a súa xustificación posterior, a criterio da dirección da Agadic. Previamente ao pagamento, a empresa beneficiaria deberá presentar certificados de estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Artigo 11º.-Obrigas do beneficiario.

O beneficiario comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Axencia Galega das Industrias Culturais, a Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 12º.-Publicidade e autorizacións.

12.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización ao director da Agadic para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto nos artigos 20.4º e 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectivamente.

Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

12.2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Agadic publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

12.3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de

xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

12.4. No prazo máximo de tres meses contados desde a data da resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, e será inserido igualmente na páxina web desta axencia, a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Porén, cando os importes das subvencións concedidas e individualmente consideradas sexan de contía inferior aos 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das adxudicadas na páxina web da Agadic.

Artigo 13º.-Revisións das axudas.

A Axencia Galega das Industrias Culturais ten a facultade de revisar os importes concedidos e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións que se tivesen en conta na concesión das subvencións.

Artigo 14º.-Reintegro.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou, se é o caso, os supostos previstos na Lei de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Normativa reguladora.

Esta convocatoria rexerá polo previsto nestas bases; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na restante normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Roberto Varela Fariña
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
Galega das Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A AMORTIZACIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DE LONGAMETRAXES CINEMATográfICAS, TELEFILMES E DOCUMENTAIS DE INTERESE CULTURAL GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT209A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE E DA EMPRESA

NOME DA EMPRESA		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO EMPRESA		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

TÍTULO DO PROXECTO			
ORZAMENTO DO PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓNABLE		
TIPO DE PROXECTO	<input type="checkbox"/> Longametraxe cinematográfica. <input type="checkbox"/> Telefilme.		
CONDICIÓNS OU CRITERIOS CULTURAI	<input type="checkbox"/> Que a produción se desenvolva principalmente en Galicia ou noutros lugares da Unión Europea. <input type="checkbox"/> Que cando menos un dos personaxes principais estea vinculado coa cultura galega ou europea ou co ámbito territorial lingüístico galego. <input type="checkbox"/> Que o guiño da produción estea baseado nunha adaptación dunha obra literaria escrita orixinariamente en lingua galega. <input type="checkbox"/> Que a produción teña como temática a cultura ou o patrimonio galego ou europeo. <input type="checkbox"/> Que a produción teña como temática feitos da historia de Galicia ou de Europa. <input type="checkbox"/> Que a produción trate temas actuais, culturais, políticos ou sociais, de interese galego ou europeo.		

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA:

<p>Documentación administrativa</p> <p>a) Copia compulsada ou cotexada do DNI e do NIF do solicitante, no caso de que non se autorizase á Agadac á comprobación dos datos de identidade.</p> <p>b) Copia compulsada ou cotexada do documento público do poder notarial, co que actúa o representante.</p> <p>c) Copia compulsada ou cotexada do documento público da constitución legal da empresa e inscrición no Rexistro Mercantil.</p> <p>d) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta de identificación fiscal.</p> <p>e) Memoria da empresa, conforme o anexo.</p> <p>f) Copia compulsada ou cotexada da declaración do imposto de sociedades e da declaración de operacións con terceiros persoas correspondentes aos exercicios 2008 e 2009.</p> <p>g) Copia compulsada ou cotexada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do IAE.</p> <p>h) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto.</p> <p>i) Declaración responsable de ser empresa de produción independente, ter sede permanente en Galicia e non ser obxecto de influencia dominante, conforme o establecido no artigo 4º desta orde.</p> <p>Documentación técnica</p> <p>a) Memoria descritiva do proxecto.</p> <p>b) Contratos co director e guionista.</p> <p>c) Declaración de lingua de rodaxe da versión orixinal.</p> <p>d) Convenios de prácticas en empresa e/ou contratos en prácticas con alumnos ou ex alumnos de centros de formación.</p> <p>Memoria económico-financieira (longametraxes)</p> <p>a) Memoria descritiva que informe sobre as características xerais do proxecto en relación co baremo do artigo 6.1º.</p>	<p>b) Contratos ou precontratos con entidades de radiodifusión, socios coprodutores e outras fontes de financiamento.</p> <p>c) Acreditación do custo total da longametraxe e do seu pagamento, e tamén da procedencia dos fondos do seu financiamento, mediante conta xustificativa.</p> <p>d) Copias en 35 mm da versión galega, así como copia en DVD, ademais da documentación utilizada para a promoción e difusión.</p> <p>e) Certificado de nacionalidade e certificado de cualificación por idade.</p> <p>f) Recoñecemento oficial de custos e o investimento do produtor.</p> <p>g) Acreditación de que a longametraxe foi exhibida en Galicia en cinco cidades galegas con cinco copias como mínimo en versión galega.</p> <p>h) Autorización expresa á Axencia Galega das Industrias Culturais para que utilice a produción subvencionada nas súas actividades de promoción e difusión cultural.</p> <p>Memoria económico-financieira (telefilmes)</p> <p>a) Memoria descritiva que informe sobre as características xerais do proxecto en relación co baremo do artigo 6.2º.</p> <p>b) Acreditación do custo final mediante unha auditoría, realizada por auditores inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas e efectuada conforme as normas de procedemento previstas na lexislación vixente en materia de auditorías.</p> <p>c) Acreditación do contrato de coprodución ou de dereitos do telefilme cunha emisora de televisión de ámbito autonómico ou estatal, de importe non inferior a 80.000 euros.</p> <p>d) Copias en formato dixital da versión en galego, así como unha copia en DVD, e documentación utilizada para a realización, promoción e difusión da obra.</p> <p>e) Autorización expresa á Axencia Galega das Industrias Culturais para que utilice a produción subvencionada nas súas actividades de promoción e difusión cultural.</p>
<p>Autorízase a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais a:</p> <p>1.- Comprobar, para as axudas a investimentos, o cumprimento pola entidade das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.</p> <p>2.- Incluir e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.</p> <p>3.- Comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade do interesado.</p>	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta Axencia como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA E SELO DA ENTIDADE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Director/a da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO II

MODELO DE RENUNCIA

D/Dª
con DNI nº actuando en nome e representación de
con enderezo en

MANIFIESTA

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Resolución do _____
_____ pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións
audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2010, para o proxecto
 por unha contía de euros.

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data,

_____, de _____ de _____

Sinatura

ANEXO III

FICHA DO PROXECTO

(Cubrir aos datos dispoñibles)

Fase proxecto ¹ :			Xénero ² :		
Modalidade ³ :			Formato ⁴ :		
Formato gravación ⁵ :			Convocatoria ⁶ :		
Idioma gravación ⁷ :					
Orzamento:		Custo realización:		Subvención concedida:	
Duración:					
Data inicio rodaxe: dd-mm-aaaa		Data fin rodaxe: dd-mm-aaaa		Data de estrea: dd-mm-aaaa	
Ano de produción:		Ano de subvención:		Subvencionada ⁸ :	<input type="checkbox"/>
Correo electrónico:					
Web:					
Título:					
Descrición do proxecto					
Localizacións					
Argumento					

¹ Guión, produción, posprodución, catálogo e desenvolvemento.² Arte e patrimonio, aventuras, ciencia e tecnoloxía, comedia, docudrama, etnografía, experimental, fantástico, historia e biografía, musical, natureza e ambiente, sociedade, terror, videoxogo, thriller-suspense, turismo-industria, S/X.³ Ficción, documental, animación e contidos interactivos.⁴ Curtametraxe, interactivo, programa de TV, telefilme, S/F.⁵ Bertacam, Súper 16 mm, S/N, HD, Mini DV, DV Cam, 35 mm, HDV, DV pro, DVD e vídeo.⁶ Produción, curtametraxes, desenvolvementos de proxectos, guións, non subvencionada.⁷ Galego, castelán, inglés, francés, outro e S/N.⁸ Por un X en caso afirmativo.

EQUIPO TÉCNICO			
Director/a:		Axudante de dirección:	
Produtor/a:		2º Operador/a cámara:	
Guionista:		Axudante de produción:	
Director desenvolvemento:		Axudante de montaxe:	
Director/a de produción:		Axudante son:	
Director/a de fotografía:		Maquillaxe:	
Director/a artístico/a:		Perrucaría:	
Montaxe:		Script:	
Compositor:		Rexedor/a:	
Xefe/a de son:		Director/a de animación:	
Produtor/a executivo:		Deseño personaxes:	
Produtor/a asociado:		Outro:	
EQUIPO ARTÍSTICO			
Protagonista 1:		Elenco 1:	
Protagonista 2:		Elenco 2:	
Principal 1:		Elenco 2:	
Principal 2:		Bailaríns:	
Locución:			
PRODUTORAS			
Nome da produtora	Achega económica	Porcentaxe	
EMPRESAS DE SERVICIOS			
Nome da empresa	Servizo de produción		
DISTRIBUIDORA			
NOME DA EMPRESA			
DOCUMENTOS ADXUNTOS			
AFICHES			
FOTOGRAFÍAS			
TEXTOS E DOCUMENTOS (GUIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL, CRÍTICAS E COMENTARIOS, ETC.)			
TEASERS E TRAYLERS			
BANDAS SONORAS			
RUTA WEB (YOUTUBE, ETC.)			

ANEXO IV

FICHA EMPRESA

A) ANTIGÜIDADE DA EMPRESA

ANOS DE ANTIGÜIDADE DA EMPRESA	DATA DE CREACIÓN/CONSTITUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANTECEDENTES (no caso de fusión, cambio de razón social, subrogación e outras incidencias)	
<input type="text"/>	

B) SEDE SOCIAL E SOCIOS

SEDE SOCIAL		
<input type="text"/>		
FORMA XURIDICA		
<input type="text"/>		
SOCIOS (SE PROCEDE)		
NOME E APELIDOS	DNI	% PROPIEDAD
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

C) INGRESOS DA EMPRESA DOS ULTIMOS TRES EXERCICIOS COMPLETOS

2007	2008	2009
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

D) COTIZACION Á SEGURIDADE SOCIAL (importe das cuotas empresariais á S.S. dos 3 últimos anos)

2007	2008	2009
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data:

<input type="text"/>	,	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----	----------------------	----	----------------------

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 12 de marzo de 2010 pola que se lles dá publicidade ás listaxes de beneficiarios das axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) durante o cuarto trimestre de 2009.

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gal-

cia, e no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape no *Diario Oficial de Galicia*, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

No caso de programas de axuda do Igape convocados en réxime de concorrencia competitiva, o Igape